

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

*RESOLUCIÓN do 4 de xullo de 2019 pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto Digicraft en tu Cole no marco do Plan Digitalent durante o curso 2019/20.*

Coa finalidade de proceder á implementación nos centros escolares sostidos con fondos públicos que impartan educación primaria da Comunidade Autónoma de Galicia do proxecto Digicraft en tu Cole no marco do Plan Digitalent, para o curso 2019/20, resolvo anunciar:

##### Primeiro

Que na páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ([www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)) estará dispoñible a convocatoria de selección de centros para participar no proxecto Digicraft en tu Cole no marco do Plan Digitalent durante o curso 2019/20.

##### Segundo

Que o prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* ata o 30 de setembro de 2019 (inclusive).

##### Terceiro

Que os centros deberán cubrir a solicitude que figura como anexo I da convocatoria e poderán presentala en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ademais, remitirase copia da solicitude e da documentación ao correo electrónico [digicraft@edu.xunta.es](mailto:digicraft@edu.xunta.es) segundo os prazos establecidos.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2019

Mar Pereira Álvarez

Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

